

Normas para a xestión e o recoñecemento dos estudos realizados na University of South Wales no marco do acordo bilateral de titulación dual para estudantes saíntes

(aprobado en Xunta de Facultade do 22/12/2015)

1. Requisitos do alumnado:

O/a alumno/a debe ter superadas todas as materias de primeiro e segundo curso (120 ECTS) do Grao en Inglés: Estudos lingüísticos e literarios en xuño ou xullo do curso inmediatamente anterior á súa estadía na University of South Wales.

Terán preferencia as solicitudes do estudantado que quixer cursar na USW o 3º curso do Grao en Inglés.

2. Sobre os módulos a cursar en destino:

A/o alumno/a deberá cursar en destino un conxunto de módulos (materias de University of South Wales) dentro dos ofertados pola universidade equivalentes a 60 créditos ECTS, que corresponden, por exemplo, con 6 módulos de 10 ECTS na universidade de destino. No Anexo I especifícanse os módulos a cursar en destino.

3. Solicitude:

O alumnado interesado debe presentar unha solicitude de participación no convenio bilateral na administración do centro antes do **15 de xaneiro** do curso académico inmediatamente anterior ao previsto para a súa estadía con fins de estudos. O modelo da solicitude de participación no programa está recollido no Anexo II.

O alumnado que presente unha solicitude neste programa deberá concorrer á primeira convocatoria de mobilidade xeral da UDC do mesmo curso. Esta convocatoria publícase todos os anos durante o mes de xaneiro ofertando todas as prazas de mobilidade dispoñibles na UDC. Todo o alumnado interesado no grao dual coa USW deberá solicitar a praza de mobilidade Erasmus+ que se ofertará para a Facultade de Filoloxía.

4. Número de prazas:

Ofreceranse anualmente até un máximo de 10 prazas que se adxudicarán seguindo os mesmos criterios que os da convocatoria de mobilidade xeral da UDC.

Algunhas ou todas as persoas preseleccionadas restantes poderán ser beneficiarias dunha axuda de mobilidade bilateral da UDC, na medida en que o permita a convocatoria xeral de mobilidade da UDC do curso académico en cuestión.

5. Sobre a matrícula en destino e orixe:

Unha vez confirmada a aceptación da solicitude por parte do/a Coordinador/a de Relacións Internacionais (RR.II.) da Facultade, o/a alumno/a deberá formalizar a súa pre-matrícula na Universidade de destino -finais de marzo-. A pre-matrícula estará condicionada á superación dos

120 créditos ECTS do 1º e 2º curso. Para pre-matricularse, seguiranse as instrucións recibidas da Universidade de destino, logo da nominación realizada pola Facultade de Filoloxía.

Ademais, antes do inicio do curso, a/o estudante deberá entregar unha copia do contrato de recoñecemento de estudos na administración do centro no que se incluírán as materias a cursar na University of South Wales e as súas equivalencias no plano de estudos do Grao en Inglés. Este contrato deberá incluír 60 créditos correspondentes a materias de 3º ou 4º curso do Grao en Inglés. Os modelos do contrato de recoñecemento de estudos Erasmus e Bilateral están recollidos na páxina web da Oficina de Relacións Internacionais (http://www.udc.es/ori/inf_estudiantes_UDC/Formulariosespanoles/index.html?language=gl) e deberán ser empregados polo alumnado en función do tipo de mobilidade que se lle adxudique na convocatoria xeral de mobilidade da UDC.

Igualmente, no prazo ordinario establecido pola UDC, a/o estudante deberá matricularse de 60 créditos de 3º ou, excepcionalmente, 4º curso do Grao en Inglés.

O/A estudante poderá solicitar a modificación do contrato de estudos de conformidade co disposto na convocatoria xeral de mobilidade vixente no curso académico en que esta se produza.

6. Sobre o recoñecemento académico:

Rematada a estada o centro recoñecerá, cando se reciba o certificado de notas orixinal da universidade de destino, as materias superadas na University of South Wales de acordo ao último contrato aprobado polo/a Coordinador/a de RR.II, se houberse cambios. A conversión da nota realizarase segundo os baremos oficiais aplicables ás cualificacións existentes na University of South Wales: http://cardiffcampus.southwales.ac.uk/media/files/documents/2014-09-12/FCI_Grading_GUIDANCE_student_version.pdf. Resumidamente, son as seguintes:

	Suspenso	Aprobado	Notable	Sobresaliente	Opción a Matrícula de Honra
España	0-4,9	5-6,9	7-8,9	9-9,9	10
Reino Unido	0-39	40-49	50-59	60-69	70-100

7. Sistema de créditos académicos utilizado nos planos de estudio:

O sistema de créditos usado tanto na UDC como na USW é o Sistema Europeo de Transferencia de Créditos, ECTS.

8. Comisión de seguimento:

A Comisión de seguimento estará composta por 8 persoas, catro da UDC e catro da USW. Pola parte da UDC as persoas serán as seguintes: Decana/o, Coordinador/a de RR.II. da Facultade, Coordinador/a de grao, Director/a da ORI. Pola parte da USW serán as seguintes persoas: Director/a do departamento de inglés e linguas modernas, Director/a do departamento de humanidades, un/ha profesor/a da Facultade e un/ha representante de relacións internacionais.

9. Sobre a defensa do TFG:

Se o/a estudante UDC tiver a mobilidade no 4º curso elaborará e defenderá o TFG na universidade de orixe.

10. Taxas:

O alumnado da UDC deberá matricularse na UDC con matrícula ordinaria.

11. Expedición de Títulos:

Os/as estudantes que realicen a mobilidade e completen os requisitos de 60 CR ECTS no terceiro curso da USW obterán o título de grao por esa universidade. A UDC comprométese a recoñecer os créditos realizados na USW nos termos establecidos no Anexo I.

ANEXO I: RECOÑECEMENTOS ACADÉMICOS COA UNIVERSITY OF SOUTH WALES

As seguintes catro materias (40 ECTS) de USW recoñeceríanse polas materias obrigatorias (42 ECTS) de **3º curso no Grao en Inglés**:

EN1S009 Language Awareness—Lexis and Phonology	613G03020 Lingua inglesa e os seus usos 1
	613G03023 Fonética da lingua inglesa
EL2S008 The American Dream	613G03024 Literatura norteamericana 1
	613G03026 Literatura poscolonial
EL2S12 English Renaissance Literature	613G03021 Literatura inglesa (séculos XVI e XVII)
	613G03022 Cultura e civilización dos países de fala inglesa
EN1S008 Language Awareness—Grammar	613G03025 Gramática inglesa

Ademais, para recoñecer polas catro materias optativas (18 ECTS) da UDC, a/o estudante escollerá dúas materias (20 ECTS) de entre as seguintes:

EW2S005 Writing Non-Fiction	EL3S009 Myth and Narrative
EL2S005 Modernism	EL3S018 Historical Fictions: Women Writing the Past
EN2S001 Language, Power and Ideology	
EN2S004 Societal Bilingualism	

As seguintes catro materias (40 ECTS) da USW recoñeceríanse polas materias obrigatorias de **4º curso no Grao en Inglés** na UDC (36 ECTS):

EN3S008 Poetry by American Writers	613G03035 Literatura norteamericana 2
EN3S005 Communication and the Workplace or EN2S001 Language, Power and Ideology	613G03037 Lingua inglesa e os seus usos 2
	613G03039 Estudos de lingua inglesa
EL2S003 Nineteenth Century Literature	613G03036 Literatura inglesa (séculos XVIII e XIX)
	613G03038 Historia da lingua inglesa
EL2S005 Modernism	613G03040 Literatura inglesa (séculos XX e XXI)

Ademais, para recoñecer polas catro materias optativas (18 ECTS) da UDC, a/o estudante escollerá dúas materias (20 ECTS) de entre as seguintes:

EW2S005 Writing Non-Fiction	EN2S004 Societal Bilingualism
EL2S016 Romanticism	EN3S005 Communication and the Workplace
EL3S009 Myth and Narrative	EL3S018 Historical Fictions: Women Writing the Past
EL2S005 Modernism	



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO II: SOLICITUDE PARA A PARTICIPACIÓN NO CONVENIO BILATERAL DO GRAO DUAL COA UNIVERSITY OF SOUTH WALES

APELIDOS	
NOME	DNI
CORREO ELECTRÓNICO (xxxx@udc.es)	TELÉFONO
CURSO ACTUAL DO GRAO EN INGLÉS: ESTUDOS LINGÜÍSTICOS E LITERARIOS	

SOLICITA:

Ser admitido no curso 20__/20__ para realizar os estudos, correspondentes ao terceiro/cuarto* curso do Grao en Inglés: Estudos lingüísticos e literarios, na University of South Wales.

A Coruña, _____ de _____ de 20__

Asdo.

Lugar de presentación: Administración da Facultade de Filoloxía

(*risque o que non proceda)

A/A COORDINADOR/A DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS DA FACULTADE DE FILOLOXÍA